

Anova Unión

Fundado en 1910

3ª Época - Número 138 - Julio 2008

1,80 euros

anovaunion@amigosdeaspontes.org

Festas do Carme e a Fraga 2008



SAÚDA

En representación desta vila, quixera adicar un saúdo e desexar unhas boas festas do Carme e A Fraga 2008 a todas as veciñas e veciños e por suposto a todos os visitantes, a través desta nosa histórica revista.

Estes días do ano nos que xunto co Nadal, os bos momentos, os encontros familiares e as celebracións son máis intensos, quixera ter un recordo especial en nome de todos os veciños para aqueles nados na nosa vila que hai moito tempo tiveron que emigrar a lugares lonxanos, Cuba, Arxentina, Uruguai, Estados Unidos, Francia, Alemaña, Suiza, Inglaterra, Holanda, e ata Australia, tendo aportado á nosa historia tanta xenerosidade, como a construción do Grupo Escolar Santa María, no que tantos nenos se levan formado.

Quixera tamén aproveitar para remitirle un abrazo moi forte en nome dos que el aínda considera os seus veciños, a D. Pedro Sanjurjo, médico habilidoso en tempos de restricións materiais e técnicas, que serviu na nosa vila tantos anos e que estivo a punto de dar o pregón xunto con outro profesional actual da medicina como Benito Castro (Benito de Severiano), e que ese día aínda sen estar fisicamente na Casa Dopeso polo seu delicado estado de saúde, estará no corazón de quen o coñeceu.

Este ano, comenzamos a incluír algunhas actividades nos barrios que non están no centro da vila, pero que pensamos que son unha ubicación marabillosa para realizar parte do programa das festas. Entendemos que as celebracións e atraccións principais deben seguir sendo nos lugares de costume, pero os barrios tamén son vila e merecen vivir de cerca que estamos en festas.

Ademais esperamos ir avanzando en concienciar e establecer algún límite á Festa de A Fraga, no que se refire á conservación, seguridade e salubridade do recinto.

Só queda desexarvos unhas felices festas a todos, que as acollades como o que somos: un pobo con ilusión no futuro, dinámico, acolledor, respectuoso e confiado nas súas posibilidades, que son moitas.

O voso alcalde

Valentín González Formoso

Acusan a un asesor de Lugo de quedarse con las cuotas de la Seguridad Social de un empresario de As Pontes Pág. 5

Una lámina de agua de 70 metros de altura ya cubre el hueco de la mina Pág. 4

Festas do Carme e a Fraga
Do 18 ao 25 de Xullo de 2008

AS PONTES